

TEMA 1. A POESÍA DAS IRMANDADES DA FALA

A ÉPOCA DAS IRMANDADES. Contexto histórico

O inicio do século XX vén marcado por unha serie de importantes transformacións económicas e sociais:

- ▶ Desaparición da fidalguía rendista que acaparaba a propiedade das terras**
- ▶ Adquisición progresiva da propiedade das terras por parte do campesiñado coa abolición do sistema foral**
- ▶ Desenvolvemento acelerado dos sectores secundario e terciario**
- ▶ Desprazamento de gran parte da poboación rural cara ás urbes**

O MOVEMENTO AGRARISTA

- Realiza unha loita radical pola abolición dos foros, contra o caciquismo e pola modernización do sector agrario
 - Conseguen a abolición dos foros en 1926, pero os vellos perduran ata 1963.
- Destacan as organizacións ***Solidaridad Gallega*** (1907) e ***Acción Gallega*** (1912), liderada por Basilio Álvarez
- Os postulados agraristas terán unha gran repercusión na obra de Cabanillas.




AS IRMANDADES DA FALA

- Fúndanse na Coruña o 18 de maio de 1916 da man de Antón Vilar Ponte.
- Recollen e potencian as aspiracións galeguistas do Provincialismo e o Rexionalismo
- A dignificación e promoción da lingua galega é un dos seus principios fundamentais
- Presentan, ademais das reivindicacións culturais, un ideario político ben definido. Supoñen o inicio do **nacionalismo**
- O seu voceiro é a revista ***A Nosa Terra***



AS IRMANDADES: actividade cultural

- Potencian o uso do galego en todo tipo de ámbitos: ensino, xustiza, prensa, actos públicos, tradución de obras da literatura universal..
- Fundan editoriais (Céltiga, Alborada, Lar, Nós...) e publicacións periódicas en galego (*A Nosa Terra, Rexurdimento, Nós, Ronsel...*)
- Publican *Algunhas normas pra a unificación do idioma galego*, traballo de carácter normativo, e un dicionario castelán-galego
- Impulsan o teatro pola súa importancia normalizadora e social: Conservatorio Nacional de Arte Galega (1918)
- Poñen en marcha o Seminario de Estudos Galegos (1923)



O Seminario de Estudos Galegos

Institución fundamental na investigación da historia e cultura de Galicia.

- É creado por un grupo de mozos universitarios, entre os que estaban Lois Tobío, Bouza Brey e Filgueira Valverde, no outono de 1923.
- Participan nel, como coordinadores dalgunhas das súas seccións, os intelectuais máis destacados do galeguismo: Castelao, Cuevillas e Risco, entre outros.



AS IRMANDADES: actividade política

- **Obxectivos prioritarios:**
 - ☐ Autonomía integral para Galicia
 - ☐ Busca de bases para facer posible un federalismo con Portugal.
 - ☐ Institucións lexislativas e xudiciais propias e autonomía fiscal
 - ☐ **Cooficialidade do galego**
 - ☐ Igualdade de dereitos da muller.
 - ☐ Reformas que rematen co secular atraso da economía galega

**Este programa será recollido
polo Partido Galeguista durante a
Segunda República.**



O Partido Galeguista

- Fundado en 1931, froito da confluencia de diversas forzas nacionalistas de ideoloxías heteroxéneas
- Nas eleccións de 1936, obtén tres escanos nas cortes xerais, entre eles o de Castelao
- Redacta un Estatuto de Autonomía para Galiza, que será aprobado maioritariamente en plebiscito, a pesar de que nunca chegará a entrar en vigor. Neste texto o galego aparecía como lingua **cooficial** co castelán.




A POESÍA NA ÉPOCA DAS IRMANDADES

Situación da poesía galega no inicio do século XX:

Continuidade temática e formal dos autores do Rexurdimento, cun progresivo deterioramento estético. Posteriormente dáse unha transición polo influxo do modernismo.

DÚAS TENDENCIAS XERAIS

na poesía do primeiro terzo do séc. XX



CONTINUÍSTA

RENOVADORA

Noriega Varela

Ramón Cabanillas

Algúns dos autores das Irmandades, especialmente Cabanillas, incorporando esas liñas temáticas, renovan o empobrecido panorama, achegándose ás tendencias que dominan a lírica europea

NORIEGA VARELA




- A súa obra poética está recollida nun único volume, ***Do ermo***

Compoñentes da súa poesía:

- ► **Costumismo ruralista:** enmárcase dentro da corrente do descritivismo paisaxista e de costumes propio da tradición decimonónica: métrica popular, temática rural, escenas costumistas.
- ► **Lirismo da natureza ou poesía lírica pura:** enfatízanse as cousas humildes da paisaxe, a partir dunha visión franciscanista da natureza, expresión máis culta e refinada, con influencia dos poetas clásicos latinos e do saudosismo; emprego de estrofas cultas, como o soneto

RAMÓN CABANILLAS (1876-1959)

- Participa de maneira activa no movemento nacionalista, sendo membro das Irmandades da Fala e do Seminario de Estudos Galegos.
- Na súa poesía combina as principais liñas temáticas do Rexurdimento con algunhas das innovacións formais propias das primeiras décadas do século XX:
 - Modernismo hispanoamericano (Rubén Darío)
 - Romanticismo europeo (Heine, Baudelaire)
- Os seus poemas de ton anticaciquil e de denuncia social convérteno no **poeta do movemento agrarista**, co que entra en contacto a través de Basilio Álvarez, líder de *Acción Gallega*.
- Alén da súa obra poética, destaca a peza teatral *O Mariscal*, unha reconstrución do pasado na que o mariscal Pardo de Cella se erixe en símbolo de resistencia fronte aos Reis Católicos.



RAMÓN CABANILLAS

- OBRAS PRINCIPAIS:

- ▶ Poesía lírica: *No desterro, Vento mareiro, Da terra asoballada, A rosa de cen follas*
- ▶ Poesía narrativa: *Na noite estrelecida*
- ▶ Teatro: *O mariscal*

- LIÑAS TEMÁTICAS:

- ▶ **Poesía lírica:** Estilo simple e popular; preferencia polos versos de arte menor
 - ▶ Costumista: Paisaxismo, tipos e costumes rurais, ás veces cunha perspectiva crítica ou humorística
 - ▶ Intimista: Temática amorosa, vivencias do pasado, identificación coa natureza: clara herdanza rosaliana
 - ▶ Cívica: A máis representativa: crítica radical da inxustiza social, anticaciquismo, agrarismo, reivindicación nacional, nunha poesía de estilo directo e coloquial
- ▶ **Poesía narrativa:** Temática mítica, celtismo, reivindicación nacional: *Na noite estrelecida*

- NA NOITE ESTRELECIDA:

- É un dos mellores poemas narrativos da literatura galega
- Insírese dentro da temática artúrica; ofrece unha versión galeguizada da lenda
- Componse de tres sagas: “A espada Escalibor”, “O cabaleiro do santo Grial” e “O soño do Rei Artur”
- Introduce elementos de inspiración modernista
- É unha obra dunha grande elaboración formal, estilo culto e métrica coidada

HIMNO DE ACCIÓN GALLEGA

- ¡Irmáns! ¡Irmáns galegos!

¡Desde Ortegal ó Miño

a folla do fouciño

fagamos rebrillar!

Que vexa a vila podre,

coveira da canalla,

a aldea que traballa

disposta pra loitar.

Antes de ser escravos,

¡irmáns, irmáns galegos!

que corra o sangue a regos

desde a montaña ó mar.

- ¡Ergámonos sen medo!

¡Que o lume da toxeira

envolva na fogueira

o pazo señorial!

Xa o fato de caciques

ladróns e herexes fuxe

ó redentor empuxe

da alma rexional!

Antes de ser escravos,

¡irmáns, irmáns galegos!

que corra o sangue a regos

desde a montaña ó val.

TEMA 2. A POESÍA DE VANGARDA

AS VANGARDAS

Movimento estético que produce, no inicio do século XX, unha profunda renovación nos distintos campos artísticos.

Movimento fragmentario: numerosos grupos, diversas propostas: os "ismos"

FUTURISMO

DADAÍSMO

ULTRAÍSMO

CUBISMO

CREACIONISMO

IMAXINISMO

EXPRESIONISMO


SURREALISMO

CRONOLOXÍA

Entre 1909, data de creación do FUTURISMO, e finais da década de 1920.

LOCALIZACIÓN

En distintos países e cidades da Europa Occidental (París, Zurich, Londres, Italia, Alemaña, España, chegando os seus ecos até os Estados Unidos)



SEN

02 EL REINO DE LA BELLEZA

IS

“Arte e a realidade son dúas cousas ben diferentes”

P. Picasso




62

Praxíteles
*Hermes con Dionisios
joven*, h. 340 a.C.
Mármol, 213 cm de
altura; Museo
Arqueológico, Olimpia



AS vang



¡MAIS A

S
toral,
llante
fai es
tual d

I

O xesto

Non nos erguemos d'o xeito que n-outras terras pubrigan manifestarios.

Casi todos eles tencionan arrecadar un novo "ismo" que aparece querendo d'a moderna Estética cando, en verdade, é unha nova proba de que un esnobismoLiteratura.

Nós tencionamos tan só facer unha proeza, de sa e implacábel contra os vellos.

CARACTERÍSTICAS PECULIARES DAS VANGARDAS GALEGAS

- ▶ Inexistencia dunha verdadeira escola vangardista galega (poucos autores plenamente vangardistas, un único manifesto, carencia de revistas estritamente vangardistas...)
- ▶ Non hai unha renuncia ao compromiso coa realidade social e cultural do país. Inflúe nelas o espírito nacionalista herdado das Irmandades.
- ▶ Non se produce unha ruptura total coa tradición literaria
- ▶ Literatura menos cerebral, non totalmente afastada do sentimentalismo

XERACIÓN DAS VANGARDAS

- Tamén coñecida como Xeración do 25 ou Novecentistas.
- MANIFESTACIÓNS DAS VANGARDAS:
 - **revistas** (*Ronsel, Alfar, Cristal...*)
 - **manifestos** (*Máis alá* (1922), asinado por Manuel Antonio e Álvaro Cebreiro: crítica da literatura baseada na tradición, dos tópicos literarios galegos, defensa radical do individualismo e da liberdade creativa)

- TENDENCIAS:

- Renovación sen romper totalmente coa tradición:
 - hilozoísmo (poesía paisaxística)
 - neotrobadorismo (lírica medieval)
- Vertente rupturista
 - creacionismo
 - (en menor medida parte da produción de Cunqueiro vinculada ao surrealismo)

VANGARDA RUPTURISTA

- **MANUEL ANTONIO:** Móvese dentro da órbita do **Creacionismo**, movemento que pretende captar a esencia da realidade e reinterpretala desde a óptica persoal do poeta. Incorpora tamén características expresivas propias doutras correntes de vangarda
- - Obra principal: *De catro a catro* (1928): poemas estruturados a xeito de travesía mariña.
 - Temática: o mar e os elementos directamente relacionados con el, o paso do tempo, a soidade radical, a terra como contrapunto.

- **ÁLVARO CUNQUEIRO:** Parte da súa obra poética é de expresión próxima ao **Surrealismo**: e me-táforas irracionais e un marcado gusto pola inspiración onírica
- Obras principais: *Mar ao norde* (1932) e *Poemas do si e non* (1933)



VANGARDA NON RUPTURISTA

- **NEOTROBADORISMO**: Inspirado na recreación da lírica medieval galego-portuguesa, fundamentalmente nos esquemas formais da cantiga de amigo.
- **AUTORES**:
 - **F. BOUZA BREY**: máis tradicional na repetición dos esquemas formais da poesía trobadoresca
- Obras principais: *Nao senlleira* (1933) e *Seitura* (1935)
- **ÁLVARO CUNQUEIRO**: Máis renovador a respecto das temáticas e formas medievais, presenta nas súas obras neotrobadoristas, un tratamento das imaxes moi na liña dos movementos vangardistas
- Obras principais: *Cantiga nova que se chama ribeira* (1933) e *Dona de corpo delgado* (1950)




VANGARDA NON RUPTURISTA

- **HILOZOÍSMO (IMAXINISMO)**: Destaca nesta poesía a presentación humanizada da natureza, continuando a liña *animista* de Noriega Varela. Son de salientar tamén a descrición impresionista da paisaxe, a abundancia de imaxes e o gusto polo cosmopolitismo

- **AUTORES**:

AMADO CARBALLO:

- Obras principais: *O galo* (1928) e *Proel* (1967)



TEMA 3. A PROSA DO 1º TERZO DO SÉC. XX

A PROSA NO 1º TERZO DO SÉCULO XX

Algunhas constantes temáticas da narrativa da época:

HUMOR (*O porco de pé de Risco, Cousas, Os dous de sempre de Castelao...*)

MUNDO DE ALÉN-COVA (*Do caso que lle aconteceu ao Dr. Alveiros de Risco, O purgatorio de D. Ramiro de Otero, Un ollo de vidro de Castelao...*)

REIVINDICACIÓN IDENTITARIA E COMPROMISO SOCIAL (*Arredor de si de Otero, Un ollo de vidro de Castelao...*)

CELTISMO (*Camiñantes de Losada, Fuxidos de López Abente...*)

EMIGRACIÓN (*Cousas, Os dous de sempre de Castelao, Manecho o da rúa, Estebo de Lesta Meis...*)


HISTORICISMO (*Os camiños da vida de Otero, Cabalgadas en Salnés de Bouza Brey...*)

ETNOGRAFÍA (*O lobo da xente, A trabe de ouro e a trabe de alquitrán de Risco, Dos arquivos do trasno de Dieste...*)

OS NARRADORES DAS IRMANDADES


- Son coetáneos dos compoñentes do Grupo Nós, pero, a diferenza destes, prefiren a poesía e, sobre todo, o teatro.
- **AVANCES:** aparecen en galego o ENSAIO, PRENSA e COLECCIÓN DE NARRATIVA BREVE (*Céltiga, Lar*)
- **LESTA MEIS:** a súa obra narrativa reflicte a súa experiencia vital na emigración: *Manecho o da rúa, Estebo*.
- **CARRÉ ALVARELLOS:** Fundador da editorial Lar e importante autor teatral: *Naiciña*

ENSAÍSTAS: *Xoán Vicente Viqueira, Antón Vilar Ponte, Ramón Vilar Ponte* (Doctrina nazonalista: primeiro tratado teórico do nacionalismo galego).



A PROSA DAS VANGARDAS: RAFAEL DIESTE

- É o mellor prosista desta xeración que, en xeral, preferiu a poesía.
- **OBRA:** *Dos arquivos do trasno.*
 - Conxunto de relatos onde se transmite, a través de diversos personaxes, o carácter do home galego (bondadoso, orgulloso, sinxelo ...)
 - Presenza do mundo real e do imaxinario ou marabilloso (mouros, Santa Compañía ...)
 - Precursora do realismo máxico.



O GRUPO NÓS

- Créase en 1920 ao redor da revista *Nós*, que lle deu nome, e foi o principal referente cultural até 1936
- O grupo fundamental é o núcleo de Ourense: Vicente Risco, Otero Pedrayo e López Cuevillas. Con eles colaboran activamente na revista *Nós* Castelao e Losada Diéguez
- Nacen na década de 1880, comparten o proxecto das Irmandades, colaboran no Seminario de Estudos Galegos e conflúen no Partido Galeguista.

CARACTERÍSTICAS XERAIS DO GRUPO NÓS

- Rigorosa formación intelectual
- Evolución ideolóxica similar: UNIVERSALISMO- GALEGUISMO
- Son os creadores da prosa galega contemporánea
- Palabras clave da súa proposta ideolóxica:


UNIVERSALISMO

NACIONALISMO

- Procedencia social acomodada

INADAPTACIÓN E REBELDÍA

TRADICIÓN E MODERNIDADE



MADUREZA DA NARRATIVA GALEGA

- PROSA DE FICCIÓN:
NOVELA
 - Diversificación temática
 - Incorporación técnicas narrativas europeas (monólogo interior, ruptura secuencia temporal)
 - OBRAS: *Os dous de sempre, O porco de pé, Arredor de si, Os camiños da vida.*
- PROSA DE FICCIÓN: CONTO
 - Diversificación temática.
 - Consolidación do conto literario.
 - OBRAS: *Cousas, Retrincos, Contos do camiño e da rúa, Do caso que lle aconteceu ao doutor Alveiros.*
- PROSA CIENTÍFICA: ENSAIO
 - Adaptación do idioma para a expresión científica moderna.
 - Abranguen todas as áreas do saber
 - OBRAS: *Teoría do nacionalismo, Ensaio histórico sobre a cultura galega, As cruces de pedra na Galiza, Sempre en Galiza.*

VICENTE RISCO

- Posúe unha ampla formación intelectual. O seu interese céntrase tanto na **tradición etnográfica** galega como nas **novidades estéticas do seu tempo** e no coñecemento e divulgación das **culturas alleas** e o **esoterismo**
- Etapas da súa evolución ideolóxica e literaria:
 - a) **PREGALEGUISTA**: Previa ao ingreso nas Irmandades: dirixe *La Centuria*. Mostra unha actitude cosmopolita e individualista, afastada da realidade próxima
 - b) **GALEGUISTA**: Convértese nun dos principais teóricos do nacionalismo (*Teoría do Nacionalismo galego*) e desenvolve un intenso labor literario e político
 - c) **NACIONAL-CATOLICISTA**: Afástase do galeguismo e retoma a súa actitude individualista do seu inicio



OBRA DE VICENTE RISCO

Narrativa

Do caso que lle aconteceu ao doutor Alveiros (1919)

O lobo da xente (1925)

A trabe de ouro e a trabe de alquitrán (1925)

A coutada (1926)

Os europeos en Abrantes (1927)

O porco de pé (1927)

Ensaio

Teoría do nacionalismo galego (1920)

“Nós, os inadaptados” (1933)

Mitteleuropa (1934)

Leria (1961)

Teatro

O bufón de El-Rei (1928)





- A novela ***O porco de pé*** é a obra máis importante da súa narrativa. Narra a historia do inexplicable ascenso de don Celidonio, personaxe materialista e vulgar, ata a alcaldía da cidade. Supón unha crítica feroz da degradación da sociedade burguesa da época e a perda da galeguidade.
- En ensaio a obra ***Nós, os inadaptados*** expón a evolución ideolóxica da Xeración Nós.
- En ***Teoría do nacionalismo galego*** postula os trazos diferenciais que dan a Galicia status de nación (históricos, xeográficos e culturais)



OTERO PEDRAYO

É un dos autores máis prolíficos da literatura galega: cultivou todos os xéneros e destacou polo seu saber enciclopédico e a súa oratoria privilexiada. É especialmente importante a súa obra narrativa, con títulos como *Os camiños da vida* e *Arredor de si*.



De familia fidalga, culta e liberal, toma conciencia da problemática do país e ingresa nas filas do galeguismo. É membro das Irmandades, do SEG e do PG. Posteriormente participará na fundación da editorial Galaxia

OBRA DE OTERO PEDRAYO

RELATO BREVE

Pantelas, home libre
O purgatorio de D. Ramiro
Contos do camiño e da rúa



POESÍA

Bocarribeira

TEATRO

A lagarada
Teatro de máscaras
O desengano do prioiro
Noite compostelá

NOVELAS


Os camiños da vida
Arredor de si
Fra Vernerio

ENSAIO

Ensaio histórico sobre a cultura galega
Polos vieiros da saudade

CONSTANTES NA NARRATIVA DE OTERO PEDRAYO

- Tradición
- Fidalguía
- Historicismo
- Europeísmo
- Estilo barroco
- Paisaxe
- Análise psicolóxica




• *Os camiños da vida* narra, cunha certa visión nostálxica, a decadencia da fidalguía rural do século XIX fronte á nacente burguesía urbana.

• *Arredor de si* constitúe o retrato do proceso de concienciación galeguista experimentado por el mesmo e polos seus compañeiros de xeración

CLASIFICACIÓN NOVELAS OTERO PEDRAYO

1. Histórico-culturalistas: *A romeiría de Xelmírez, Fra Verner*
2. Histórico- realistas: *Os camiños da vida*
3. Psicológicas: *Arredor de si.*



CASTELAO

A pesar de formar parte activa da empresa colectiva de Nós, Castelao presenta diverxencias considerables a respecto dos membros do grupo:



GRUPO NÓS

CASTELAO

Procedencia fidalga



Extracción social popular

Pensamento de base cristiá



Pensamento laico

Tradicionalismo, idealización do pasado



Visión progresista do mundo

Culturalismo elitista



Popularismo, compromiso activo coa sociedade

A DIMENSIÓN POLÍTICA



- É fundamental na organización do nacionalismo galego ao redor do Partido Galeguista, polo que é elixido deputado en 1931 e 1936
- Redacta e promove o Estatuto de Autonomía para Galiza, que será refrendado en plebiscito en 1936
- Durante a guerra e a ditadura franquista, defende desde o exilio a causa republicana, converténdose en embaixador da República ante o mundo e formando parte do goberno no exilio

A DIMENSIÓN ARTÍSTICA

A partir dos anos vinte, Castelao convértese na principal figura da arte galega, tanto na súa faceta de pintor, como nas de caricaturista e ilustrador de libros, sendo tamén un pioneiro do deseño publicitario galego






Álbum Nós (1918)



- Yo nunca sentí la necesidad de saber gallego.
- Es que esa necesidad no se siente en la barriga.


Cousas da vida (1930)



Atila en Galicia (1937)



Galicia mártir (1937)



Milicianos (1938)



Dibuxos de negros (1938)

OBRA LITERARIA

Narrativa

Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete (1922): novela curta
Cousas (1926/1929): creación orixinal
Os dous de sempre (1934): novela
Retrincos (1934): relato

Teatro

Os vellos non deben de namorarse (1941)

Ensaio

Sempre en Galiza (1944)



NARRATIVA DE FICCIÓN

UN OLLO DE VIDRO: un esqueleto narra as peripecias dos seus compañeiros de camposanto. Aparecen na obra dúas das constantes de Castelao: o compromiso social e o humor

COUSAS: é a creación máis orixinal do autor. Consta cada “cousa” dun debuxo acompañado dunha breve anécdota, centrada normalmente en tipos populares. Combina lirismo, realismo e humor.

RETRINCOS: cinco relatos recollen experiencias autobiográficas dispostas desde a infancia á madurez.



OS DOUS DE SEMPRE: única novela longa; recolle a peripecia vital de Pedriño e Rañolas que representan dous prototipos de personaxe: o pasivo sen ambición, fronte ao activo, inconformista e con ambición

COUSAS
POR CASTELAO

CHEGOU DAS AMÉRICAS (Cousas)

Chegou das Américas un home rico e trouxo consigo un negriño cubano, coma quen trai unha mona, un papagaio, un fonógrafo... O negriño foi medrando na aldea, onde deprende a falar con enxebreza, a puntear muiñeiras, a botar aturuxos abrouxadores.

Un día morreu o home rico e Panchito trocou de amo para gana-lo pan. Co tempo fíxose mozo comprido, sen máis chatas que a súa coor... Aínda que era negro como o pote, tiña gracia dabondo para facerse querer de todos. Endomingado, con un caravel enriba da orella e unha ponla de malva na chaqueta, parecía talmente un mozo das festas.

Unha noite de estrelas xurdeu no seu maxín a idea de saír polo mundo á cata de riquezas. Tamén Panchito sinteu, como tódolos mozos da aldea, os anxeios de emigrar. E unha mañán de moita tristura gabeou polas escaleiras dun trasatlántico.

- Panchito ía camiño da Habana e os seus ollos mollados e brillantes esculcaban no mar as terras deixadas pola popa.

Nunha rúa da Habana o negro Panchito tropezou cun home da súa aldea e confesoulle saloucando:

—Ai, eu non me afago nesta terra de tanto sol; eu non me afago con esta xente. ¡Eu morro!



Panchito retornou á aldea. Chegou probe i endeble; pero trouxo moita fartura no corazón. Tamén trouxo un sombreiro de palla e mais un traxe branco...



ENSAIO

AS CRUCES DE PEDRA NA BRETAÑA: estudo sobre os cruceiros na Bretaña

AS CRUCES DE PEDRA NA GALIZA: estudo sobre os cruceiros en Galicia




SEMPRE EN GALIZA: expón desde unha perspectiva nacionalista-progresista as súas reflexións sobre temas como o autogoberno, a defensa do idioma, o exilio, o sentimento de Galicia.





O ENSAIO




- O ensaio en galego nace e consolídase neste período grazas á actividade das Irmandades da Fala e o grupo Nós
- É de contido eminentemente político e cultural; defende as teses do autogoberno galego e procura a divulgación e análise dos distintos sectores da cultura galega, así como das novidades da cultura europea
- As canles de difusión son os medios de prensa escrita, en especial, *A Nosa Terra* e a revista *Nós*

O XORNALISMO

- Ademais da prensa local e das revistas ilustradas, cobra especial importancia a prensa literaria e cultural
- Os políticos e intelectuais galeguistas, conscientes da importancia deste medio para espallar o seu pensamento, crean publicacións de orientación política, como *A Nosa Terra*, ou cultural, como *Nós* e as revistas de perfil vangardista

- A NOSA TERRA** (1916) : órgano de expresión das Irmandades da Fala e do Partido Galeguista. Orientación política, pero inclúe tamén literatura e crítica literaria.
- NÓS** (1920): publicación máis destacada deste momento. O seu obxectivo é situar a cultura galega ao nivel do resto das europeas accedendo directamente a elas sen pasar polo castelán.
- REVISTAS VANGARDISTAS**: orientación literaria, adoitan ser bilingües. As principais: *Alfar*, *Ronsel*, *Cristal*, *Resol*.



TEMA 4. O TEATRO DO 1º TERZO DO SÉC. XX

ETAPAS DO TEATRO DE PREGUERRA

- ▶ Teatro previo ás Irmandades: **XAVIER PRADO (LAMEIRO)**: teatro costumista e rural decimonónimo con intención social.
- ▶ As Irmandades: inicio dun proxecto de teatro nacional
LUGRÍS FREIRE, R. CABANILLAS, A. VILLAR PONTE, A. COTARELO
- ▶ As vangardas: inclusión da modernidade no teatro galego
RAFAEL DIESTE
- ▶ A época Nós: madurez e universalización do teatro galego
V. RISCO, R. OTERO PEDRAYO, A. R. CASTELAO

O TEATRO DAS IRMANDADES

- En 1903, créase a ESCOLA REXIONAL DE DECLAMACIÓN, co dobre obxectivo de crear un viveiro de actores e fomentar a produción teatral
- O teatro desta época caracterízase pola brevidade, temática popular ou de reivindicación agraria e dramaturxia pouco elaborada
- O autor máis destacado e LUGRÍS FREIRE:

A súa obra *A ponte* é a primeira en empregar a prosa en teatro; é de contido reivindicativo: crítica contra as inxustizas dos caciques



O TEATRO DAS IRMANDADES


- Entenden o teatro como un importante vehículo pedagóxico e de intervención social. Crean o CONSERVATORIO NAZONAL DO ARTE GALLEGO, que se estrea coa obra de Cabanillas *A man da santiña*
- Renuncian aos tópicos do teatro popular e presentan o galego en boca de persoas pertencentes ás clases altas
- **NOVOS TEMAS:** recreación de episodios significativos da nosa historia, reivindicación social, recuperación cultural (dignificación da lingua)
- **NOVAS FORMAS:** ao lado das tradicionais (drama histórico e teatro social costumista) xorden drama simbolista, teatro cómico e infantil, comedia burguesa, ópera)
- **NOTABLE ÉXITO DE PÚBLICO**



- **CABANILLAS:** N' *O Mariscal*, a súa principal obra dramática e obra cume do teatro desta época, ofrece unha reconstrución do pasado na que o mariscal Pardo de Cela se erixe en símbolo da resistencia galega fronte ao poder central
- Outros autores: A. VILLAR PONTE, ARMANDO COTARELO e L. CARRÉ ALVARELLOS

O TEATRO DA ÉPOCA DAS VANGARDAS

- **RAFAEL DIESTE** é autor dunha das obras máis importantes e máis representadas deste período: *A fiestra valdeira*. Abre unha nova tendencia de **realismo simbolista** que, con grande rigor estético, trata unha temática popular afastándose dos personaxes tópicos e do costumismo. É unha historia sobre a identidade persoal que se pode extrapolar á realidade colectiva.
- A acción desencadéase a partir da seguinte situación: o autor do retrato dun vello mariñeiro enriquecido na emigración brasileira decide pintar como fondo, a través dunha fiestra, unha escena do porto da vila. A familia do mariñeiro considéralo inapropiado porque pon en evidencia as súas orixes humildes.



O TEATRO DA ÉPOCA NÓS


- - Os integrantes do Grupo Nós dotan o xénero dramático de madurez e universalidade, realizando unha estilización estética dos elementos escénicos e aproximándose a modos de expresión simbolistas e expresionistas
- Desvinculan o teatro da función propagandística.



- **VICENTE RISCO: *O bufón d'el rei*.** É un drama de carácter simbolista centrado na reflexión sobre a natureza humana. Situada na Idade Media, conta a historia dun bufón que delata por celos os amores ilícitos do cabaleiro Guindamor pola raíña, sen saber que o cabaleiro é o seu propio irmán.

O TEATRO DA ÉPOCA NÓS

- **CARACTERÍSTICAS:** teatro experimental e novidoso.
- **OTERO PEDRAYO:**
 - ***A lagarada***. Peza situada no Ribeiro durante a vendima, presenta un drama rural: o asasinato dun labrego vello e rico como resultado dun enredo de amores e promesas incumpridas. Fronte ao teatro realista, introduce digresións líricas e elementos simbolistas.
 - ***Teatro de máscaras***



O TEATRO DA ÉPOCA NÓS: CASTELAO

- **MULTIFACETISMO:** deseñador de decorados, director artístico ...
- **ESPECTÁCULO INTEGRAL :** texto, música, danza, decoración ...
- Posta en escena fortemente expresionista.
- ***Os vellos non deben de namorarse.*** É a obra máis representada do teatro galego. En tres actos de grande simetría, seguidos por un epílogo, presenta tres versións diferentes dunha mesma historia: un vello paga coa morte o seu namoramento dunha rapariga nova. Os tres vellos representan distintos sectores da sociedade da época: o burgués de formación universitaria (D. Saturio), o fidalgo en decadencia (D. Ramón) e o labrego rico (Sr. Fuco). As tres mozas pertencen a un estrato social inferior ao dos vellos.

